

## PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15008301	IES Urbano Lugo	Malpica de Bergantiños	2022/2023

### Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Música	3º ESO	2	70

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	18
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

## 1. Introducción

A cultura e as expresións artísticas enténdense e serven como reflexo das sociedades pasadas e presentes. A música, como ben cultural, como linguaxe universal e medio de comunicación non verbal, constitúe un elemento de gran valor na vida das persoas. A súa repercusión supera a propia individualidade artística cara a outros campos do coñecemento, pois xa desde a antigüidade se establecen vínculos con outras manifestacións escénicas, como a danza ou o teatro. Na actualidade, estamos en contacto permanente con ela.

Ademais, favorece o desenvolvemento integral do ser humano, intervén na súa formación emocional e intelectual, a través do coñecemento do feito musical como manifestación cultural e histórica, e contribúe ao afianzamento dunha postura aberta, reflexiva e crítica no alumnado.

O desenvolvemento tecnolóxico modificou considerablemente os referentes musicais da sociedade grazas á posibilidade dunha escoita simultánea de toda a produción musical mundial a través dos discos, da radio, da televisión, dos xogos electrónicos, do cinema, da publicidade, da internet etc. Ese mesmo desenvolvemento tecnolóxico abriu, pola súa vez, novas canles para a interpretación e a creación musical, tanto de músicos profesionais como de calquera persoa interesada en facer música.

A música contribúe activamente no desenvolvemento cognitivo, emocional e psicomotor do alumnado. Na súa vertente cognitiva, a atención, a percepción, a memoria, a análise, os elementos propios da linguaxe musical e a contextualización das producións musicais, xuntamente co traballo da parte máis física relacionada coa práctica vocal e instrumental, o desenvolvemento psicomotriz fino, a mellora da lateralidade, da respiración e da posición corporal, son parte inherente do proceso de desenvolvemento da sensibilidade emocional, da empatía, do respecto cara á diversidade cultural, que se traballa a través da escoita activa, da creación e da interpretación musical.

Ademais, a materia de Música contribúe ao desenvolvemento de valores como o esforzo, a constancia, a perseveranza, a disciplina, a toma de decisións, a autonomía, o compromiso, a asunción de responsabilidades e o espírito emprendedor, innovador e crítico, que contribúen ao desenvolvemento integral da persoa.

A práctica musical mellora a memoria, a concentración, a atención, a psicomotricidade, a xestión das emocións, o fortalecemento da autoestima, as habilidades para enfrontarse a un público ou a capacidade para traballar en grupo. A música potencia o desenvolvemento de capacidades como a comunicación oral e escrita, o pensamento matemático ou o coñecemento tecnolóxico e científico, que axudan á adquisición das competencias, e ademais contribúe a un ensino integral e axuda na maduración do alumnado.

A materia de Música na educación secundaria obrigatoria fundaméntase e constrúese desde a área de Música e Danza na educación primaria. Agora desenvolveranse as capacidades e as competencias adquiridas nos cursos anteriores e afianzanse os contidos aprendidos previamente polo alumnado.

O currículo estrutúrase en dúas partes: unha primeira engloba os cursos de 2º a 3º da educación secundaria obrigatoria e a segunda o 4º curso desta. Para cada unha delas concretáronse uns criterios de avaliación e uns contidos, que se articulan en tres bloques e que integran os coñecementos, destrezas e actitudes que se pretenden alcanzar a través dun traballo procedemental, co fin de que os coñecementos teóricos se asimilen despois dunha familiarización e inmersión na linguaxe musical.

Na educación secundaria obrigatoria, coa materia de Música preténdense atinxir os seguintes obxectivos: o primeiro, desenvolver a identidade e a recepción cultural; o segundo e o terceiro, contribuír á autoexpresión a través da creación e da interpretación; o cuarto céntrase na produción artística e un quinto obxectivo focalízase especificamente no patrimonio musical e dancístico da Comunidade Autónoma de Galicia. O logro destes cinco

obxectivos debe realizarse a partir dunha aprendizaxe baseada na práctica que lle permita ao alumnado experimentar a música e mais a danza.

Os criterios de avaliación da materia fórmulanse como ferramentas para medir o nivel de adquisición das competencias, atendendo aos seus compoñentes cognitivo, procedemental e actitudinal. Pola súa parte, os contidos artículanse en tres bloques e integran os coñecementos, destrezas e actitudes necesarios para a consecución dos obxectivos da materia.

Baixo a epígrafe «Escoita e percepción», englábanse aqueles criterios de avaliación e aqueles contidos que se consideraron indispensables para desenvolver o concepto de identidade cultural, a través da exposición a diferentes propostas audiovisuais que permitan o achegamento do patrimonio musical e dancístico como fonte de inspiración e coñecemento das posibilidades da arte e como medio de expresión de sentimentos e emocións.

O bloque de «Interpretación, improvisación e creación escénica» pretende a aprendizaxe de conceptos clave da linguaxe musical desde o entendemento da aula como un espazo dinámico en que o alumnado se sinta cómodo expresando as súas ideas, tanto a través da utilización meditada do seu corpo e dos instrumentos musicais como do uso libre de distintas linguaxes. O traballo baseado en proxectos grupais posibilitará descubrir a importancia de actitudes tales como a tolerancia e o respecto, a responsabilidade e o compromiso, así como a valoración da perseveranza necesaria para o dominio técnico de calquera instrumento. Este bloque de criterios de avaliación e contidos favorece no alumnado a posibilidade de sentir e de aprender a música a través da experiencia de ser músico.

Por último, baixo a denominación de «Contextos e culturas», preténdese unha aproximación aos diferentes xéneros e estilos musicais máis representativos do patrimonio musical. Con isto propónse un achegamento de maneira global e ordenada ás diferentes manifestacións musicais producidas ao longo da historia, tanto por mulleres como por homes, e que ofrezca unha visión da importancia da arte como medio de expresión.

O desenvolvemento competencial da materia focaliza a adquisición dos contidos partindo dunha aprendizaxe baseada na práctica e no desenvolvemento de habilidades que lle permitan ao alumnado vivir a experiencia da música e da danza a través da interpretación, da creación e desde a escoita activa de diferentes propostas artísticas. En virtude de mellorar as capacidades do alumnado, deseñaranse diferentes situacións de aprendizaxe que conteñan os contidos e que, desde unha visión global, permitan a aplicación dos coñecementos adquiridos previamente. A conexión con outras materias é, a priori, máis directa coa de Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir ambas as competencias de índole artística. Con todo, é posible establecer vinculacións co resto das materias do currículo, como por exemplo a relación matemática que subxace nas relacións rítmicas e estruturais, as calidades físicas do son, a relación entre a linguaxe e a música, a simbiose do texto e o idioma coas melodías ou a necesidade de coñecer a historia para entender o porqué das diferentes expresións musicais e dancísticas

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Analizar obras de diferentes épocas e culturas identificando as súas principais características estilísticas e establecendo relacións co seu contexto, para valorar o patrimonio musical e dancístico como fonte de gozo e de enriquecemento persoal.	2-3-4	1-3		1-2-3-5	3	1-3	1	1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Explorar as posibilidades expresivas de diferentes técnicas musicais e dancísticas, a través de actividades de improvisación, para incorporalas ao repertorio persoal de recursos e desenvolver un criterio de selección das técnicas máis adecuadas á intención expresiva.	1-2-4	1	5	2-3	1-3-4	1	1-3	1-3
OBX3 - Interpretar pezas musicais e dancísticas xestionando adecuadamente as emocións e empregando diversas estratexias e técnicas vocais, corporais ou instrumentais, para ampliar as posibilidades de expresión persoal.	1-2-4	2		2	1-3	1	1-3	2-3
OBX4 - Crear propostas artístico-musicais, de xeito individual ou grupal, empregando a voz, o corpo, instrumentos musicais e ferramentas tecnolóxicas para potenciar a creatividade e identificar oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	1-5	2	3	1-2-5	3-5	1	1-3	3-4
OBX5 - Coñecer, valorar e respectar o patrimonio artístico e musical de Galicia e da contorna, a través das achegas relevantes na cultura e na sociedade galegas, para apreciar a importancia do noso acervo dentro dos procesos de globalización.	1-2	2-3		1-2-3	1-3	1	3	1-2-3

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A Idade Media	Estudo da música relixiosa (Canto gregoriano), música profana (trovadores) e inicio e evolución da polifonía	10	10	X		
2	O Renacemento vogal	-Renacemento vogal relixioso: diversas igrexias e tipos de música de cada unha. -Renacemento vogal profano: Tipos de música (pezas musicais) dos países máis representativos e autores (Italia, Francia, España)	10	10	X		
3	O Barroco instrumental	-Desenrolo da orquestra. -Novos instrumentos. -Formas musicais. Compositores.	20	10	X		
4	O Clasicismo vogal	-Características. -Tipos de ópera -Ópera nos diferentes países -Compositores	10	10		X	
5	O Clasicismo instrumental	-Características -Evolución da orquestra e os instrumentos -Formas musicales -Compositores	10	10		X	
6	O Romanticismo instrumental	-Características -Evolución da orquestra.	20	10			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	O Romanticismo instrumental	O piano. Evolución das formas musicais e aparición das novas -Compositores	20	10			X
7	O Romanticismo vogal	-Características -A ópera nos diferentes países -A Zarzuela -Compositores e obras	20	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A Idade Media	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Comentar cun vocabulario apropiado as ideas, sentimentos e emocións propias que nos suxiran as propostas musicais estudadas, a través da audición, do visionamento ou da asistencia a eventos musicais.	Obsevar de maneira moi sinxela os sentimentos que les produce una obra musical	PE	37
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de outras épocas na actual		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Traballar en grupos colaborando todos		
CA3.3 - Expoñer, de forma atenta e respectuosa, as funcións asignadas a determinadas producións musicais e dancísticas, recoñecendo a súa conexión cos aspectos máis importantes do seu contexto histórico, social e cultural.	Enumerar la máis elementais funcións de producións musicais dentro do contexto cultural		
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	TI	63
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Participar, con iniciativa, confianza e creatividade, na exploración de técnicas musicais e dancísticas básicas, por medio de improvisacións pautadas, individuais ou grupais, nas que se empreguen a voz, o corpo, instrumentos musicais ou ferramentas tecnolóxicas.	Utilizar algunhas ferramentas para facer sincixelas improvisacións		
CA2.4 - Empregar técnicas básicas de interpretación vocal, corporal ou instrumental, aplicando estratexias de memorización e valorando os ensaios como espazos de escoita e de aprendizaxe.	Ensañar pezas sinxelas con respecto e interese		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		
CA2.6 - Interpretar con corrección pezas musicais e dancísticas sinxelas, individuais e grupais, dentro e fóra da aula, xestionando de forma guiada a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Traballar de forma elemental a concentración en manifestacións musicais		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> <li>- Técnicas de improvisación guiada e libre.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	O Renacemento vogal	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	PE	60
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Coñecer as manifestacións musicalis mási elementais de distintas épocas		
CA1.3 - Explicar, con actitude aberta e respectuosa, as funcións desempeñadas por determinadas producións musicais e dancísticas, relacionándoas coas principais características do seu contexto histórico, social e cultural.	Enumerar la máis elementais funcións de producións musicais dentro do contexto cultural		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Apreciar la influencia de las épocas anteriores en la música actual		
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Coñecer de maneira elemental as características musicais de diversos contextos históricos		
CA2.2 - Expresar ideas, sentimentos e emocións en actividades pautadas de improvisación, seleccionando as técnicas máis adecuadas de entre as que conforman o repertorio persoal de recursos.	Utilizar as técnicas máis elementais da improvisación	TI	40
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Desenrolar un traballo sinxelo xolaborativo		
CA2.8 - Participar activamente na planificación e na execución de propostas artístico-musicais colaborativas, valorando as achegas do resto dos integrantes do grupo e descubriendo oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional.	Valorar as execucións propias e alleas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.



Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Concertos, actuacións musicais e outras manifestacións artístico-musicais en vivo e rexistradas.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Estratexias de procura, selección e reelaboración de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- A propiedade intelectual e cultural: formulacións éticas e responsables. Hábitos de consumo musical responsable.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Principais composicións musicais de cada período histórico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	O Barroco instrumental	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer as características básicas da música das diferentes épocas	PE	55
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Valorar de forma sinxela a influencia das épocas anteriores sobre a actual		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Valorar de forma sinxela a influencia das épocas anteriores sobre a actual		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Valorar o patrimonio musical e artístico galego	TI	45
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos básicos da linguaxe musical		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Traballar en equipo a música		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Coñecer as características básicas da música das diferentes épocas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Compositores e compositoras, artistas, intérpretes e agrupacións internacionais, nacionais, rexionais e locais, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Mitos, estereotipos e roles de xénero transmitidos a través da música e da danza.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a recepción musical: diferentes soportes audiovisuais.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores e editores de partituras.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> <li>- Compositoras e compositores de cada período da historia da música desde unha perspectiva igualitaria e aberta, atendendo á composición na Comunidade Autónoma de Galicia.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	O Clasicismo vogal	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	PE	71
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Elaborar, de forma sinxela, traballos en conxunto utilizando las TICs		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual	TI	29
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Técnicas básicas para a interpretación: técnicas vocais, instrumentais e corporais, técnicas de estudo e de control de emocións.</li> </ul>

Contidos
- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.
- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.

UD	Título da UD	Duración
5	O Clasicismo instrumental	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	PE	71
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Elaborar, de forma sinxela, traballos en conxunto utilizando las TICs		
CA3.4 - Identificar as características culturais e sociais, así como os elementos propios da linguaxe musical das obras propostas que constitúen o patrimonio artístico musical galego e da nosa contorna, con actitude de respecto.	Coñecer os elementos básicos da música galega	TI	29
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.
- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe musical: parámetros do son, intervalos. Tonalidade: escalas musicais, a armadura e os acordes básicos. Texturas. Formas musicais ao longo dos períodos históricos e na actualidade.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Proxectos musicais e audiovisuais: emprego da voz, do corpo, dos instrumentos musicais, dos medios e das aplicacións tecnolóxicas.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	O Romanticismo instrumental	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	PE	71
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Elaborar, de forma sinxela, traballos en conxunto utilizando las TICs		
CA3.1 - Recoñecer os aspectos comúns de expresións musicais e dancísticas de épocas e culturas anteriores, valorando a súa proxección sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical	TI	29
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	O Romanticismo vogal	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar os principais trazos estilísticos de obras musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, evidenciando unha actitude de apertura, interese e respecto na súa escoita ou no seu visionamento.	Coñecer os elementos máis básicos da música e danza de diferentes culturas	PE	71
CA1.2 - Establecer conexións entre manifestacións musicais e dancísticas de diferentes épocas e culturas, valorando a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.3 - Relacionar manifestacións musicais e dancísticas de distintos contextos e momentos históricos, recoñecendo a súa influencia sobre a música e a danza actuais.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA2.7 - Planificar e desenvolver, con creatividade, propostas artístico-musicais, tanto individuais coma colaborativas, empregando medios musicais e dancísticos, así como ferramentas analóxicas e dixitais.	Elaborar, de forma sinxela, traballos en conxunto utilizando las TICs		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Observar positivamente os aspectos estilísticos básicos de obras musicais e dancísticas en diferentes contextos e momentos históricos, mostrando unha actitude de consideración, atención e apertura na súa recepción, mediante a escoita ou o visionamento destas.	Observar a influencia da música de épocas anteriores na actual		
CA1.4 - Ler partituras sinxelas identificando de forma guiada os elementos básicos da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical	TI	29
CA2.5 - Interpretar música a través da lectura de partituras do nivel adecuado, recoñecendo a través de guías cada elemento da linguaxe musical, con ou sen apoio da audición.	Coñecer os elementos máis básicos da linguaxe musical		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Obras musicais e dancísticas: análise, descrición e valoración das súas características básicas. Xéneros da música e da danza.</li> <li>- Voces e instrumentos: clasificación xeral dos instrumentos por familias e características. Agrupacións.</li> <li>- Normas de comportamento básicas na recepción musical e escénica: respecto e valoración.</li> <li>- A partitura. Identificación e aplicación de grafías, lectura e escritura musical.</li> <li>- Principais xéneros musicais e escénicos do patrimonio cultural, con especial atención á Comunidade Autónoma de Galicia.</li> <li>- Repertorio vocal, instrumental ou corporal individual ou grupal de distintos tipos de música do patrimonio musical propio e doutras culturas.</li> <li>- Normas de comportamento e participación en actividades musicais e escénicas.</li> <li>- Historia da música e da danza occidental: períodos, características, xéneros, voces, instrumentos e agrupacións.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Dadas as características desta materia emplearase unha metodoloxía variada segundo as necesidades de cada momento. En xeral, a presentación da información farase con argumentacións indutivas. Primeiro, situarase ao alumnado nas súas experiencias previas, en referencia ao seu entorno próximo ou ás ilustracións do libro, procurando que sexan evocacións ou situacións atractivas, empáticas e motivadoras. A partir de aquí irase construíndo, por indución ou inferencia, o bloque teórico pertencente á unidade que pode consistir nunha estrutura conceptual, nunha descrición de feitos, na narración dunha secuencia procedimental etc.

Nas clases prácticas haberá unha metodoloxía participativa, activa, de conxunto, individual segundo o caso, en gran grupo o en pequeno grupo. O profesor facilitará a información necesaria para a interpretación das obras e resolverá as dúbidas que xordan sobre os novos materiais. Os alumnos traballarán de maneira individual o en pequeno grupo para descifrar as obras co fin de poder acadar a maior autonomía progresivamente. O traballo final será en gran grupo que estará dividido en subgrupos se a actividade o require.

Nas clases teóricas utilizaranse diferentes metodoloxías buscando que sexan participativas e sobre unha aprendizaxe baseada no alumno ¿interrogantes, descubrimento-, o profesor como facilitador do proceso ¿enseñar a aprender, a pensar, a convivir- e autoconciencia reflexiva do proceso de aprendizaxe. Fomentarase a implicación dos alumnos na tarefa para evitar a pasividade aínda que utilizarase a clase maxistral nos momentos, temas o situacións nos que sexa necesario.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Edixgal
Libros de linguaxe musical
Libros de Historia da Música
Papel pautado
Libreta de apuntes
Lápices: negro e de cores
Bolígrafos
Ordenadores
Internet, páxinas web, blogs, portais de contidos educativos das CCAA...
Ordenador e canón
Cadea de música
CDs
Reproductor DVD
DVDs
Frutas doces
Instrumentos Orff
Teclado
Diapasón
Metrónomo
Pizarra dixital
Lápis pizarra dixital

Utilización dos instrumentos de aula (material Orff) de maneira que os alumnos que teñan máis facilidade tocarán os metalófonos e xilófonos e o resto toará os demais instrumentos. Sempre quedará un pequeno grupo para tocar as frutas.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Proba escrita:

- Elementos da linguaxe musical
- Teoría sobre as calidades do son

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	37	60	55	71	71	71	71	<b>63</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	63	40	45	29	29	29	29	<b>37</b>

**Criterios de cualificación:**

A forma de avaliación será continua. Neste sentido non se realizará unha soa proba ao final de cada avaliación ou do curso. Faranse probas parciais ao longo dos tres períodos que, de seren superadas, poderán liberar a materia segundo o caso.

A cualificación de cada avaliación será a media de todas as probas realizadas en dito período á que se engadirá a valoración ¿superación ou non- da actitude e o comportamento.

Para facer a media das probas de avaliación haberá que ter atinxido en cada unha delas a cualificación 5 como mínimo. En calquera caso, será necesaria a valoración positiva da actitude e o comportamento. De non ser así a materia ficará suspensa. Nos exames de recuperación poderase obter como nota máxima un 5.

En casos excepcionais podería considerarse unha nota inferior nalgún exame, sempre que os estándares referidos a actitudes fosen superados.

Para recuperar unha avaliación suspensa por non superar os contidos actitudinais non bastará con aprobar o exame de recuperación. Será indispensable o cambio de actitude e su mantemento.

A cualificación final do curso será a media das tres avaliacións unha vez aprobadas con un mínimo de cinco.

Os alumnos realizarán os exames nas datas sinaladas sen excepción. Non se cambiará a data dun exame a ningún alumno agás por unha causa da maior importancia. Esta deberá xustificarse mediante documento escrito oficial (médico, autoridades...). Os xustificantes dos pais de enfermidades leves ou pasaxeiras ou que refiran situacións que non sexan de estrema gravidade poderán non ter validez, sempre segundo o criterio do profesor. Quedará a xuízo do profesor a aceptación de calquera xustificación. No caso de non quedar xustificada a falta o alumno non terá dereito á recuperación dese exame na mesma avaliación.

Os alumnos que cheguen tarde a un exame non poderán facelo e non terán dereito ás recuperacións do mesmo que se farán na mesma avaliación.

A avaliación realizarase mediante os seguintes procedementos:

- Observación directa
- Rexistros de clase

- Cadernos do profesor
- Revisión dos traballos
- Cualificación das preguntas na clase
- Interpretacións individuais
- Interpretacións colectivas
- Probas escritas: temas a desenrolar, preguntas curtas, relacionar termos, definir conceptos, clasificar termos, ordenar termos, colocar e/o corrixir elementos musicais no pentagrama, encher compases, calquera outro que se axuste ás necesidades dos temas tratados.

### Criterios de recuperación:

Farase unha recuperación de cada exame. Poderanse facer máis se se considera oportuno. Ao final da avaliación haberá outro exame para os que tivesen algo pendente. Cada alumno fará só o exame correspondente a materia suspensa. Na seguinte avaliación realizarase outro exame para os que suspendesen a anterior. Neste entrará toda a materia da avaliación anterior.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En cada avaliación entreganrse boletíns de exercicios aos alumnos, que conteñan toda a materia a traballar. ao final da avaliación terán un exame dos exercicios nas datas que se sinalarán ao principio desta. En lugar do exame poderase propor un traballo para o que se darán as pautas ao comezo da avaliación.

### 6. Medidas de atención á diversidade

Aos alumnos que presenten dificultades especiais da aprendizaxe se lles facilitarán os temas propostos. Os exames serán destas adaptacións y con características máis sinxelas que os de o resto.

En canto aos exercicios de clase poderanse adaptar tamén ou poderán ser os mesmos que para o resto da clase, dependendo da dificultade e segundo o considere o profesor.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación emocional e ven alores	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.8 - Igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación para a saúde	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Formación estética	X	X	X	X	X	X	X
ET.11 - Concienciación sobre o cambio climático	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición
Festival de Nadal	Participación interpretando algunha panxeliña cos instrumentos de aula
Festival de fin de curso	Participación interpretando algunha peza traballada durante o curso

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
13. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.
14. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
15. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
16. Combínase o traballo individual e en equipo.

17. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino- aprendizaxe.
18. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.
19. Coméntanse co alumnado a corrección de probas, traballos, etc.
20. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.

**Descrición:**

Os indicadores de logro valoraranse nunha escala de un a catro e servirán para observar como foi o proceso de ensino-aprendizaxe.

**8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

- Seguemento: observarase a programación ao comezar cada UD e valorarase se se realizou con éxito o programado.
- Avaliación: ao final de cada UD comprobarase que a avaliación axustouse ao previsto e deu os resultados esperados.
- Propostas de mellora: cando finalice o curso comprobarase o seguimento da programación e estudaranse os resultados mediante os indicadores do apartado anterior.

**9. Outros apartados**